

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a licenza de obra e actividade para a apertura dun velorio na rúa Venecia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición nos pasados días do informe técnico solicitado polos veciños da rúa Venecia emitido polo arquitecto José González Cebrian , redactor do PXOM do noso Concello, onde establece os fundamentos técnicos para non conceder dita licenza baseándose na situación de fora de ordenación da nave, poñendo tamén énfasis no problema do tráfico e aparcamentos , e a actividade a realizar.

En repetidas ocasións instamos ao Alcalde a pedir os informes técnicos necesarios para asegurar a legalidade de ditas actuacións, polo que sorpréndenos a aparición de dito informe, xa que ante a alarma social que provocou dita solicitude, entendímos, que nese momento consultouse, entre outras, a opinión do arquitecto redactor das normas urbanísticas como elemento de criterio que servira pra despexar as incógnitas en relación a dito expediente.


A Pobra do Caramiñal

2

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular somete á aprobación do Pleno o seguinte acordo:

Recusar ao Alcalde como máximo responsable do noso Concello, así como responsable da área de urbanismo, por non facer o que se comprometeu cos veciños e que este grupo solicitou, que era pedir os informes precisos antes da concesión da polémica licenza, o que pode facer incorrer ao Concello nunha responsabilidade económica, así como crear máis alarma e malestar entre os veciños, demandándolle que asuma responsabilidades pola súa incapacidade e incompetencia sobre este asunto e as repercusións do mesmo.

Pobra a 11 de Novembro de 2016.



Manuel Mª Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL